

🌍 A reserva natural de Másai Mara – Parte 2:

Na reserva Masái Mara habitan “5 dos grandes animais de África”: o rinoceronte negro, o búfalo, o elefante, o leopardo e o león. Sen embargo non son as únicas especies, tamén podemos atopar: ñus (o rei da sabana), hienas, gacelas Thomson, cebras, xirafas, crocodilos, hipopótamos, guepardos,... E todos eles teñen algo en común, aguantan ben a calor.


Se fas memoria, recordarás que os animais domésticos son aqueles que poden vivir coas persoas, mentres que os animais salvaxes, non.

Entón, os animais que viven na sabana serán... salvaxes ou domésticos?

_____.

Na seguinte imaxe da sabana, coláronse animais domésticos, es quen de diferenciar uns de outros?. Colorea os animais salvaxes e tacha cun X os domésticos.

(Pista: dos 16 animais da imaxe, 5 son domésticos e 11 salvaxes)



"Trouleando polo Mundo", proxecto da Aula Marrón

Recordamos!!!

-Os animais **mamíferos** son aqueles que maman para alimentarse cando son crías.

-Os **vertebrados** teñen esqueleto e columna vertebral. Os animais que non teñen chámanse *invertebrados*.

-Os **vivíparos** son aqueles que nacen do ventre da súa nai. Os que nacen de ovos son *ovíparos*.

-Hai animais que teñen o corpo cuberto de **pelo**. Outros de *escamas* ou *plumas*.

-Algúns respiran por **pulmóns** e outros o fan por **branquias**.

-Segundo a súa alimentación clasifícanse en **carnívoros** cando só se alimentan de carne, **herbívoros** só de plantas e **omnívoros**, de carne e plantas.

Como son moitos, imos seleccionar algúns dos animais da sabana para aprenderes un pouco máis deles.

✓ O ñu (o Rei da sabana):

Ten un aspecto desgarrado, con crines longas e desgreñadas e cola empenachada de cabalo. Posúen longas barbas que colgan ao longo de todo o pescozo desde o queixo ata o peito, e patas moi longas de pezuñas afiadas.




Tendo en conta as clasificacións anteriores os ñus son: **mamíferos**, **vertebrados**, **vivíparos** e **herbívoros**.

Recoñeces os ñus?. Arrodeaos. Hai 2.




BUSCA NO CADRO A IMAXE DO ÑU E COLORÉAA.



O rinoceronte:


É un animal de gran tamaño e cunha pel de cor gris moi grosa. Ten un corno moi chamativo que o fai moi valioso para os cazadores furtivos polo seu

valor. Gústalle moito vivir só. É un animal bastante violento porque ao non ter boa visión, veces non sabe o que pasa e ataca para defenderse do que considera pode ser un perigo.





Tendo en conta as clasificacións anteriores os rinocerontes son: mamíferos, vertebrados, vivíparos e herbívoros.






























Recoñeces os rinocerontes?. Arrodeaos. Hai 3.



Colorea segundo
o código de cores.




Arrodea o que é igual ao modelo.



“Trouleando polo Mundo”, proxecto da Aula Marrón


✓ O elefante:

Os elefantes son os mamíferos máis grandes do planeta. Poden chegar a pesar entre 7.000 e 7.500 kg, sendo normalmente as femias máis pequenas. Son de cor gris e case non teñen pelo. As súas orellas son de gran tamaño e a trompa longa, que empregan para ulir, comer, comunicarse, manipular obxectos auga para bañarse ou para beber. Posúen dous cabeiros de gran tamaño e de forma curva.




Tendo en conta as clasificacións anteriores os elefantes son: **mamíferos, vertebrados, vivíparos e herbívoros.**

Recoñeces os elefantes?. Arrodeaos. Hai 3.









ESCRIBE AS PARTES DO ELEFANTE NO LUGAR QUE CORRESPONDA.



TROMPA COLA CABEIROS ORELLAS PATAS

Ordea os elefantes de maior a menor peso.



5784 KG


5766 KG

2899 KG


6099 KG

2901 KG

4487 KG



FAI A SIMETRÍA DO ELEFANTE E COLOREA.




“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

O leopardo:

É un precioso animal que pertence á familia dos felinos. A súa pelaxe é de cor amarela salpicada con

manchas negras. Cando o seu pelo é totalmente escuro coñéceselle co nome de pantera. É un animal forte, áxil e flexible. Aliméntase de outros animais, que caza polas noites, mentres que prefire durmir e descansar durante o caloroso día.




Tendo en conta as clasificacións anteriores os leopardos son: mamíferos, vertebrados, vivíparos e carnívoros.

Recoñeces os leopardos?. Arrodeaos. Hai 3.



✚ Rodea as letras da palabra LEOPARDO. Despois cópiaa



L	E	O	P	A	R	D	O

✚ Repasa o nome:


LEOPARDO

✚ Completa coas letras que faltan:

___ E ___ P ___ R ___ O



L ___ O ___ A ___ D ___

VELAQUÍ TES VARIAS MOSTRAS DE PELES DE ANIMAIS. UNE AS IGUAIS.







BUSCA OS SEGUINTEs ANIMAIS NA SOPA DE LETRAS



Z	E	L	E	F	A	N	T	E	I	C
I	U	B	S	J	N	F	L	J	J	F
E	T	P	F	K	S	B	E	U	L	K
R	I	N	O	C	E	R	O	N	T	E
R	W	G	J	T	F	U	P	L	D	E
G	Z	N	Ñ	U	V	F	A	O	J	R
N	Z	K	Z	D	K	U	R	V	R	C
W	V	W	G	N	W	L	D	E	S	E
J	D	U	E	P	G	Y	O	B	E	K
A	X	L	V	D	J	J	H	O	N	B
E	U	A	A	W	T	D	P	D	W	N



UNE AS ORACIÓNS

O ÑU

Os elefantes son os mamíferos máis grandes do planeta.
Son de cor gris e case non teñen pelo.
As súas orellas son de gran tamaño e a trompa longa.
Posúen dous cabeceiros de gran tamaño e de forma curva.

O RINOCERONTE

Ten aspecto desgarrado, crines longas e desgredadas e cola empenachada de cabelo. Longas barbas que colgan do pescozo dende o queixo ata o peito, e patas moi longas de pezuñas afiadas.

O ELEFANTE

A súa pelaxe é de cor amarela salpicada con manchas negras.
Aliméntase de outros animais, que caza polas noites.
É carnívoro.

O LEOPARDO

Gran tamaño e pel gris moi grosa. Ten un corno moi chamativo.
Gústalle moito vivir só.
É un animal bastante violento porque non ter boa visión,

